

# NORMAS XERAIS FRONTE Á COVID-19



## 1. ANTES DE SAÍR DA CASA



Se un alumno/a presenta síntomas compatibles coa Covid-19: febre superior a 37,5° C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, falta de olfacto, falta de gusto, dor muscular ou diarrea, **NON DEBE ACUDIR AO CENTRO.**

**Tampouco debe asistir se convive con alguén sospeitoso de padecer a enfermidade.**

**A familia ten que comunicar a ausencia por vía telefónica, pedir cita co pediatra ou médico de familia e seguir as instrucións do persoal sanitario.**

Unha vez realizadas as probas médicas pertinentes ten que comunicar o resultado ao centro educativo.

No caso de **ausencia por síntomas da Covid non será necesario xustificante médico**, abondará coa xustificación dos pais/nais ou titores/as legais, ben no impreso habitual de xustificación de faltas -que se entregará ao titor/titora- ben a través do correo electrónico de tutoría facendo constar o nome e apelidos de quen o comunica e o seu DNI, ademais do nome e apelidos do alumno/a.

## 2. AUTOBÚS



**Uso obrigatorio de máscara.** Cada alumno/a terá un **asento asignado** que debe ocupar durante **todo o curso**. O número de asento estará indicado no carné do autobús.

## 3. ENTRADA



Realizarase por dúas portas, **desde as 8.15 da mañá:**

**Entrada principal:** Accederá por esta porta o alumnado que vén en transporte escolar ou público. Os alumnos/as do transporte escolar deberán permanecer sentados no bus ata que os condutores abran as portas e seguir as indicacións dos profesores/as de garda. Teñen que baixar en ringleira -mantendo a distancia de seguridade indicada- e dirixirse polo espazo peonil da rampla de acceso ao instituto cara á porta principal do centro.

**Entrada lateral traseira** (situada na rúa Uxío Novoneyra): Accederá por esta porta o alumnado que vén a pé ou en vehículo particular. Debe entrar en ringleira, mantendo a distancia de seguridade e circulando sempre pola dereita.

**O alumnado non pode permanecer na parte exterior do instituto formando grupos, nin á entrada nin á saída.**

## 4. SAÍDA



Realizarase **de xeito gradual pola mesma porta que entraron.**

**Ás 14.00** horas empezará a saír o alumnado da primeira planta seguindo esta orde: corredor da dereita (con portas amarelas), corredor da esquerda (con portas vermellas) e corredor central (con portas verdes), comezando polas portas máis próximas ás escaleiras e intercalando as aulas de ambos os lados. O alumnado irá acompañado do profesorado de última hora ata a saída principal ou portalón lateral traseiro.

**Ás 14.10** sairá o alumnado da planta baixa, do soto e da 2ª planta (primeiro o corredor da parte esquerda, logo o central e finalmente o da dereita).

**O luns pola tarde** a entrada será a partir das 16.15 e a saída ás 18.00 horas a primeira planta e ás 18.10 a planta baixa, soto e 2ª planta.

## 5. ACCESO E CIRCULACIÓN



O alumnado debe **acceder ao centro en fila**, desde que baixa do autobús, ata que chega á aula. Ten que **circular sempre pola dereita** do corredor e das escaleiras e manter en todo momento a distancia de seguridade. Na entrada desinfectará as mans co xel hidroalcolico, dirixirase á aula correspondente -se é posible evitando tocar o pasamáns-, e ocupará o seu posto na clase.

Os movementos dentro da aula estarán limitados a pequenos estiramientos ou exercicios posturais nos cambios de materia que non impliquen moverse do posto escolar. Está prohibido amontoarse na porta e saír aos corredores.

## 6. MATERIAL ESCOLAR



**Non está permitido intercambiar o material escolar propio.** Cada alumno/a debe traer todo o que necesite. O material ten que estar debidamente identificado e debe ser gardado, cando se abandona a aula de referencia, no espazo individualizado do que cada alumno/a disporá (armario, andel). Nunca pode quedar nada enriba da mesa ou no estante da mesma.

Cando haxa que usar material, non privativo, susceptible de ser compartido (ordenador, utensilios laboratorio, ferramentas) é necesario hixienizar previamente as mans e desinfectar despois o dito material.

## 7. MEDIDAS DE HIXIENE



É obrigatorio o uso **da máscara en todo o recinto escolar** e traer unha de reposto nun estoxo. A máscara ten que estar colocada correctamente en todo momento.

Os alumnos estarán sentados orientados todos na mesma dirección a unha distancia mínima de 1.5 metros respecto de todos os postos que o rodeen dende o centro da cadeira. Se non for posible, estarán separados por mamparas.

O alumnado debe **hixienizar as mans cando cambie de aula e desinfectar o posto (mesa, cadeira, ordenador) que vaia ocupar.**

Todas as aulas contan con xel hidroalcolico, produto hixienizante viricida, panos desbotables e papeleira con tapa e pedal, onde deben depositarse exclusivamente máscaras usadas, panos desbotables ou luvas. Hai outra papeleira para o resto de refugallos.

As aulas ventilaranse obrigatoriamente 15 minutos antes da entrada, nos recreos e en cada cambio de aula. Se as condicións meteorolóxicas o permiten, estarán abertas durante toda a xornada lectiva.

As ventás, persianas, picaportes, interruptores e equipos informáticos só poderán ser manipulados polo profesorado, conserxes e persoal de limpeza.

**Debe respectar o aforo permitido en cada espazo, especialmente nos baños e hixienizar as mans ao saír.**

## 8. RECREO



**O alumnado de 1º, 2º e 3º ESO terá dous recreos de 20 minutos** (de 10.10 a 10.30 e de 12.10 a 12.30h).

**O de 4º ESO, Bacharelato e FP Básica terá un só recreo de 40 minutos** (de 11.00 a 11.40h).

Os alumnos/as baixarán ao recreo -acompañados dos profesores/as que estean con eles nese momento na aula- de xeito ordenado seguindo a seguinte distribución: 1º corredor da dereita, comezando polas aulas máis próximas ás escaleiras (intercalando unha de cada marxe do corredor), logo corredor da esquerda, e, finalmente, corredor central.

Cada nivel ocupará un espazo do patio e non se poderá mesturar con alumnado doutro nivel:

1º ESO	Pista próxima á entrada lateral traseira e soportais.
2º ESO	Pista situada na parte posterior traseira e soportais.
3º ESO	Parte dianteira do edificio e soportais dos dous laterais.

No recreo de 4º ESO, FP Básica e Bacharelato a distribución será a seguinte:

4º ESO	Pista próxima á entrada lateral traseira e soportais.
FP Básica	Pista situada na parte posterior traseira e soportais.
BACHARELATO	Parte dianteira do edificio e soportais dos dous laterais.

Se chove usaranse os espazos cubertos: soportais, pavillón e espazos da planta baixa e soto.

O alumnado de Bacharelato ou de FP maior de idade, ou que teña permiso familiar, poderá saír do centro. A tal efecto posuirá un carné identificativo que debe ensinar ao profesor de garda situado no portal peonil da rampla de acceso ao instituto. Se un alumno esquece o carné, ese día non poderá saír.

Ao finalizar o período de lecer, o alumnado de cada grupo fará unha ringleira, seguindo a liña indicada pola letra marcada no chan do grupo ao que pertence, e esperará a que o profesor/a da hora seguinte o vaia buscar para acompañalo á aula.

No caso do alumnado que sae do centro, entrará ás 11.35, por onde saíu, e subirá á aula.

### 9. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS



O incumprimento das medidas de hixiene e prevención fronte á Covid-19 (descritas no apartado 7), así como o incumprimento das instrucións do profesorado, será sancionado cunha falta leve, de acordo coa instrución 3.10 da Resolución de 31-08-2020 da Xunta de Galicia. A seguinte infracción suporá a expulsión dun día. Se houber unha nova infracción, a sanción será de tres días e, de persistir, procederase á apertura de expediente disciplinario.

### 10. MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON NEE



O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que un alumno/a non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.

Se un alumno/a non ten autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precise para a súa atención.

### 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES



Evitaranse as actividades complementarias e extraescolares cando menos durante o primeiro trimestre, salvo charlas formativas relacionadas coa Covid-19 e actividades do departamento de Educación Física que se realizan ao aire libre, de xeito individualizado para cada grupo, e forman parte dos contidos da materia.



### 12. ACCESO DAS FAMILIAS AO CENTRO

As familias só poderán acceder ao centro con cita previa e nunca en horario que coincida coas entradas, saídas ou recreos. A cita poden solicitala a través do teléfono ou de correo electrónico.

Nas reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.

A páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariacasares/> será a canle oficial para toda a información xeral relacionada coa Covid-19. Nela pode consultarse o Plan de adaptación ao contexto Covid-19, o Plan de Contingencia do centro e descargar documentos relacionados coa Covid-19.



### 13. PROTOCOLO NO CASO DE SOSPEITA DE COVID-19 ESTANDO NO CENTRO

Cando un alumno/a presente síntomas estando no centro educativo, tomaranse as seguintes medidas.

- ❖ Illamento no Espazo Covid (espazo ventilado que conta co xel hidroalcolico, máscaras cirúrxicas, panos desbotables e papeleira con tapa e pedal).
- ❖ Colocación de máscara cirúrxica ao alumno/a e á persoa acompañante.
- ❖ Aviso á familia (deberá presentarse no centro á maior brevidade posible para levalo ao domicilio).
- ❖ A familia debe solicitar consulta telefónica co seu pediatra, se non a houber para ese día, contactar co PAC ou seguir as indicacións do Centro de Saúde.
- ❖ Os proxenitores ou titores legais deben contactar co centro educativo cando coñeza o resultado das probas realizadas.
- ❖ Se o alumno/a estiver grave, o centro educativo avisará o 061 e a continuación á familia.

O persoal docente ou non docente que presente síntomas debe abandonar o centro e poñerse en contacto co seu médico de atención primaria/mutua ou 061.



### 14. NO CASO DE CONFIRMACIÓN DUN CASO POSITIVO

Cando o centro educativo teña coñecemento dun caso positivo informará o equipo Covid-escola do Centro de Saúde de referencia, a Xefatura Territorial ou o Servizo de alerta epidemiolóxica e remitirá á Central de Seguimentos e Contactos (CSC) -á través da aplicación informática "EduCovid"- a listaxe dos contactos estreitos do alumno/a no centro e no transporte escolar para comezar o rastrexo e seguimento dos mesmos.